



UN PUNTO DE IMPOTENCIA

Partido correspondiente a 8ª xornada de Liga do grupo principal da Segunda Galicia, disputado na tarde do domingo no Municipal de Neda.

Neda, 20 de Xaneiro de 2018

CRÓNICA:

Miguel Carballeira e Jose Antón dispuxeron dos seguintes xogadores neste partido:

NUMANCIA: Kike, Amenedo, Óscar, Teti, Juan, Julio, Iván Pivo, Espiñeira, Alex Pita, Chapu e Ángel. Tamén xogaron: Fran Ripas, Pablo Ferro, Carlos Vázquez e Martín.



Domingo con sol e chubascos, un deles arreiciou xusto antes do partido entre Neda e Numancia, dos equipos da zona alta que buscaban a vitoria despois de non poder facelo na xornada anterior. O partido comezou moi aberto, chegando os dous equipos con bastante facilidade as áreas contrarias. Ambos conxuntos levaban perigo a balón parado. Pasada a media hora de xogo, chegaba o 0-1 para os nosos. Ángel collía un balón no borde da área nedensa e dende alí lanzaba un forte disparo que se colaba pola escuadra esquerda da portería local. Pouco despois, Iván Pivo cabezeaba alto un centro dun incisivo, Alex Pita. Xusto antes do descanso, os nedenses tiveron unha clara ocasión a balón parado que non aproveitaron, chegándose ao intermedio con vitoria pola mínima para o Numancia.

Na segunda metade saíron mellor os de Neda, que gozaron dunha boa ocasión a que respondeu Kike cunha gran parada. O partido xa non foi tan aberto como na primeira metade, xa que volveuse bronco e as disputas foron gañando protagonismo. O colexiado, Francisco Piñón empregouse a fondo en todas as partes do campo, menos nas áreas, zonas do campo onde non observou ningunha acción punible nin en ataque nin en defensa, para desgracia dos numantinos. No minuto 70, un forte disparo local e rexeitado por Kike, que posteriormente disputa o balón cun xogador local. Kike, coas mans enriba do balón e o xogador local cos pés, nunha loita na que saiu perdendo o noso gardameta (tanto deportiva (perdeu o balón), coma física (levou un bo golpe), caendo finalmente o esférico en posesión do goleador local, Unai que facía o 1-1 sen oposición ningunha. Lástima desa xogadaa "gris oscura" e desafortunada así coma de outras da mesma natureza que botaron por terra a vantaxe conseuida polo noso equipo. Para colmo de males nesta segunda metade, Alex Pita era xustamente expulsado no minuto 86, tras recibir a enésima falta e revolverse co rival, polo que os numantinos loitaron cun xogador menos ata o pitido final do señor colexiado.

En definitiva, punto nun campo complicado e ante un bo rival, que soubo a pouco vendo as circunstancias do partido. É ben certo que os nosos non están no mellor momento da temporada, acusando baixas importantes, pero a pesar diso son capaces de competir en todos os campos e ante todos os equipos. Sabemos que é unha Liga moi longa, onde non sempre triunfan os mellores, senón tamén os mais intelixentes. Os nosos seguirán adestando con forza tanto no terreo deportivo como no da intelixencia emocional, para chegar da mellor maneira posible ao partido do próximo domingo ás 16:30 en Prados Vellos, ante o líder sólido da categoría ata ó momento, o CCRD Perlío.

- [Clasificación e resultados da xornada](#)
- [Acta abreviada do encontro](#)
- [Galería fotográfica do encontro](#)

Por último, dende o club queremos agradecer a toda afición que se despraza sempre co equipo, ademais de emprazar a toda a masa social numantina para que o domingo acudan a Prados Vello a animar ao noso equipo nun importante e difícil partido ante o equipo fenés.

AUPA NUMANCIA